



**ABRIL
2011**

SECURITAS

**B
O
L
E
T
I
N**

**I
N
F
O
R
M
A
T
I
V
O**

**VIXIANTE
DE
SEGURIDADE**

BOLETIN Nº007

BOLETIN Nº007

**Confederación Intersindical Galega
II EPOCA**

Nesta nova entrega do noso boletín informativo a CIG, continúa a informarnos de todo o que pode ser do voso interese, no sector, na empresa e na nosa delegación. Nestes tempos escuros para a loita obreira, aínda que so sexa con este humilde boletín, queremos facervos chegar, que aínda queda xente que vos ten fidelidade e que cumpre cos seus compromisos. Non estades sós, aínda vos queda a CIG.

Xuntanza do comité de empresa da data:

Xoves, 07 de abril do 2011

Asistiron a reunión pola parte da empresa, o xerente D. Antonio López e os xefes de servizos Xavier Domínguez e Eloi González. Pola parte social, os representantes dos traballadores no comité de empresa e o secretario da Sección Sindical da CIG, D. Raúl Santos. Na mesma, se trataron os seguintes puntos:

Lectura e aprobación da acta anterior.

Os membros do comité proceden a sinatura da acta da xuntanza anterior, ademais, das actas extraordinarias das xuntanzas mantidas, co gallo da reestruturación dos servizos de NovaCaixaGalicia.

Sancións e amoestacións.

Respecto dunha amoestación verbal, feita a dous traballadores, solicítase a elaboración dunha escrita, para poder responder formalmente á mesma, por considerar que se produciron irregularidades na forma e no fondo.

Servizos novos e perdidos.

- Servizos novos:

- Hipermercados Carrefour nos centros de traballo C.C. A Barca (Pontevedra), C.C. Salcedo (Pontevedra), C.C. Travesía (Vigo) e C.C. Gran Vía (Vigo).
- Servizo esporádico na Axencia Europea de Pesca.
- Servizo itinerante/roldas para NovaCaixaGalicia.
 - Servizos perdidos:
- Reestruturación de servizos en NovaCaixaGalicia, que supuxo unha redución de Persoal ademais da perda dos seguintes servizos:
 - Centro Social NovaCaixaGalicia (Pontevedra).
 - Pazo de San Roque (Vigo).
 - Escola de Negocios NovaCaixaGalicia (Vigo).
 - Biblioteca NovaCaixaGalicia do Calvario (Vigo).
- Redución de horas no polígono do “Campiño” (Pontevedra).
- Redución do servizo de TRW.

Casa Galega da Cultura.

Solicítase unha aclaración das funcións da/o vixiante de seguridade, para evitar posibles conflitos co persoal de servizo de azafatas/os.

Á empresa dí que é función do vixiante, unha vez pechadas as exposicións e rematados os diferentes actos, facer unha rolda de verificación, sen que isto supoña unha suplantación de funcións ou menoscabo das tarefas que realiza o diferente persoal que traballa nas mesmas instalacións. Asemade, este persoal non pode ter acceso á

documentación propia do servizo de seguridade, enténdanse Informes, Manual de Funcionamento Operativo, Axenda, así como calquera información que poida comprometer a seguridade da que somos responsables, ante o cliente e a nosa empresa. No caso de que se infrinxira esta norma, porase en coñecemento dos mandos intermedios da nosa delegación, para que se tomen as medidas oportunas.

Formación.

A empresa informa da celebración do Curso de Patrón de Navegación Básico para Vixiantes nas datas do 25 ó 29 de abril en dúas quendas de alumnas/os de 25 persoas en horarios de 09:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00.

Anuncia tamén a posibilidade aínda sen confirmar dun curso de Condución Segura, para o vindeiro mes de xuño. A petición da CIG, contemplárase a posibilidade de desenvolver unha das quendas en Pontevedra, para o persoal que presta servizo nesta cidade e as súas proximidades.

Tendo en conta as últimas modificacións na lexislación, vaise solicitar un curso específico para desenvolver servizos de Roldas e Acudas, dentro deste ano.

Documentación.

Solicítase a seguinte documentación:

- Plan de Igualdade.
- Relación de persoal con contrato de Obra e Servizo.
- Escrito referente a política da Empresa, para a concesión do día de permiso retribuído, por Asuntos Propios.

Escalafón.

Solicítase a entrega do Escalafón, actualizado.

NovaCaixaGalicia.

Solicítase aclaración, respecto á operativa do servizo itinerante. A empresa di que despois de pechar o manual, a/o vixiante pode desprazarse ó Centro Financieiro, pola rúa de uniforme, xa que se trata dunha distancia moi curta. De todos os xeitos estudará si se pode facer doutra maneira.

Pídese para este servizo o seguinte material:

- Libro de novidades (Dietario).
- Taquillas.
- Servizo de limpeza dos vestiarios.
- GPS (xa está pedido, ademais da tarxeta de combustible).
- Complemento de Posto de Traballo. (A empresa di que non é o momento de tratar este tema).
- Plus de Scáner. (Pagarase o mesmo que percibían as/os de servizo de Roldas).

Infórmase da problemática que está a xerar a falla de vixiancia permanente no Pazo de San Roque. A empresa convida a facer informes de incidencias e avisar ás forzas da orde cando fose preciso e comprométese a tratar o asunto co cliente.

No que atinxe ós cadrantes da O.P. de NovaCaixaGalicia, ponse un prazo de 15 días a partir de esta data para que se faga unha proposta de

acordo entre as/os traballadoras/es. No caso de non producirse, o cadrante acordarase na Comisión de Cadrantes.

Tiro de Escolta.

Infórmase de que falta un traballador que fai servizo de escolta por realizar o exercicio de Tiro correspondente. A empresa comprométese a solucionalo o antes posible.

Polígono de “O Campiño”.

Debido á redución de horas, o servizo non da para catro vixiantes.

Estudaranse solucións para mellorar a cobertura dos talkies.

Tamén se buscará solución para a problemática que está a xerar o servizo de acudas que teñen que facer estes compañeiros.

Centro Comercial Gran Vía.

En aras da optimización do servizo vaise producir o movemento dun/ha vixiante, por acordo da/o mesma/o coa empresa, sen que se tivera producido ningunha causa que motivase este cambio.

Zona Franca.

Trátanse os seguintes puntos:

- Activación dos puntos de roldas. A empresa comunica que se van a instalar os mesmos que xa tiñan con anterioridade pero que non funcionaban, pasando a facer o que viñan facendo con anterioridade.

- Cobertura dos talkies. (Vaise instalar unha antena e un repetidor).
- Cadrantes. (Xa se está a elaborar unha proposta por parte das/os traballadoras/es deste servizo, quedando pendente, unha vez presentados, a aprobación da Comisión de Cadrantes).
- Servizo de Porta E. (Enténdese que non é un servizo aparte, se non un cambio de posto, temporal e puntual, dentro do mesmo servizo)

Varios.

- Acudas BBVA – de momento, e xa que a maioría das incidencias que se producen son de carácter técnico, pódese seguir realizando como hasta o momento, non arriscando e asegurándose sempre desde fóra que non hai perigo para a nosa seguridade. A partires de agosto, o entrar en vixencia a modificación da lexislación, ditarase a nova operativa.
- Chalé Pescanova / Pazo do Pegullal – preguntada por este asunto, á empresa informa que o cambio de servizo duns vixiantes dun centro polos vixiantes do outro, só se debe á petición expresa do cliente, sen que se houbera producido ningún incidente previo que motivara esta decisión. De todos os xeitos, é un cambio temporal, por motivos de operativa. En ámbolos dous servizos os vixiantes conservarán o seu cadrante anual, iso si, asumindo as tarefas que se viñan realizando nos

distintos servizos. O servizo de reforzo que se viña facendo no chalé pasará agora a desenvolverse no pazo.

- Prexubilacións – trátase o tema das/os compañeiras/os, que cumprindo os requisitos esixidos queren acollerse a esta modalidade.
- Uniformidade – coa proximidade da entrada en vixencia das modificacións en materia de lexislación, a empresa permite o cambio de uniformidade por centros de traballo sempre que poida ser asumida por todos os traballadores e previa notificación con antelación suficiente. No que respecta a substitución da camisa de verán por polos de manga curta, non conta con recibilos para este ano, pero comunica que xa os ten pedidos.
- Recoñecemento de vinculación – a empresa comunica que ten previsto facer un acto de recoñecemento ás/ós traballadoras/es que leven na empresa máis de vinte anos. Este acto está previsto, se non modificacións, para o vindeiro 6 de xuño.

Máis de 6.000 persoas acoden á marcha da CIG e do sindicalismo abertzale

Algo máis de 6.000 persoas -1.500 delas desprazadas desde Galiza- secundaron o 5 de abril en Madrid a manifestación convocada pola CIG, a maioría sindical vasca (ELA, LAB, STEE-EILAS, EHNE e HIRU), a central catalá CSC e a canaria IC. A marcha, que rematou fronte ao Ministerio de Traballo, decorreu baixo o lema “Polo dereito a decidir as nosas condicións laborais e sociais”.

A manifestación, que durou aproximadamente unha hora, partiu do Pazo de Congressos e Exposicións, na Praza Juan Miró, para a continuación percorrer o Paseo da Castellana cara a Nuevos Ministerios e rematar diante do Ministerio de Trabajo.



Durante a marcha, que rematou con música de gaitas e txalaparta, berráronse consignas como “Non falta diñeiro, sobran ladróns”; “Nin pacto social, nin reforma laboral”, “Zapatero, cabrón, traballa de peón”; “PSOE-PP, a mesma merda é” ou “CCOO-UGT, sindicatos do poder”. Os secretarios xerais de ELA, Adolfo Muñoz, ‘Txiki’; LAB, Ainhoa Etxaide e Suso Seixo, da CIG, pecharon o acto, ao que puxo punto final a Internacional.

Seixo comezou lembrando que as organizacións sindicais convocantes veñen demostrando que están decididas a mobilizarse en defensa da “dignidade e dos dereitos dos traballadores e traballadoras”, como xa fixeron na folga xeral convocada para o pasado 27 de xaneiro contra a reforma das pensións.

Neste sentido, a secretaria xeral de LAB, Ainhoa Etxaide, salientou o valor que ten a manifestación convocada hoxe en Madrid, porque é imprescindible unir forzas e porque “non se pode ir da man do goberno porque están en nómina do poder económico”, afirmou.

“Non todo o sindicalismo actuante no estado español está domesticado e ao servizo do poder”

Os secretarios xerais da CIG, ELA e LAB foron especialmente críticos con CCOO e UGT, aos que acusaron de asinar unha reforma, a das pensións, amparándose no chamado ‘Pacto Social’, que supón, segundo explicou Seixo, unha “traizón aos intereses da clase traballadora”, porque favorece ao neoliberalismo e persegue, ademais a “desmobilización”, nun momento no que sería necesario xusto o contrario “se queremos parar estas políticas tan agresivas contra os intereses da maioría social”, dixo, lembrando que “non todo o sindicalismo actuante no estado español está domesticado e ao servizo do poder”.

A este respecto, o secretario xeral de ELA, Adolfo Muñoz, ‘Txiki’, afirmou que “estamos ante o maior ataque en décadas aos dereitos sociais” e denunciou que estes ataques están contando, ademais, con cobertura política.

Uns recortes avalados por CCOO e UGT que supoñen, para a secretaria xeral de LAB “un caso único en Europa”, porque en ningún outro país teñen, as organizacións sindicais, apoiado estas medidas regresivas.

Para Suso Seixo non é casual que nese ‘Pacto Social’ non figure ningunha medida que poida “molestar” aos verdadeiros responsábeis da crise -os especuladores e o capital financeiro- como incrementos de impostos ao capital, ás grandes fortunas ou ás rendas máis altas ou medidas para acabar

cos paraísos fiscais, controlar os movementos do capital, crear unha banca pública ou oporse á privatización de empresas e servizos públicos.

Na mesma liña, o secretario xeral de ELA, Txiki, insistiu na necesidade de que nun momento como este, se faga máis fincapé que nunca na ideoloxía, porque “foi precisamente a ideoloxía neoliberal a que nos conduciu a esta situación”.

De feito, Seixo denunciou que coas políticas económicas e sociais impostas polo goberno o que se busca é, precisamente, consolidar o modelo neoliberal, favorecer os intereses dos especuladores, da banca e das empresas multinacionais, transferindo ao capital miles de millóns de euros do patrimonio público e dos salarios dos traballadores e traballadoras. Transferencia que o secretario xeral de ELA definiu como “saqueo”.

Reforma da negociación colectiva

Porén, foi na reforma da negociación colectiva na que máis incidiron os representantes das organizacións sindicais. Unha reforma coa que, para o secretario xeral da CIG, se pretenden impor convenios marco estatais en todos os sectores, o que vai provocar unha maior burocratización da negociación, apartala da participación e do control dos traballadores/as e dificultar a participación das organizacións sindicais que practican un sindicalismo distinto ao de CCOO e UGT.

Por iso anunciaron que non aceptarán a imposición desta reforma e que continuarán loitando “polo dereito a decidir as nosas condicións laborais e sociais e por un novo modelo económico e social”.

